



IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Allariz

Bases que rexerán o concurso público para a selección de 3 peóns forestais de medio ambiente para a posta en marcha do Programa de valorización de residuos orgánicos II

Ao abeiro da orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2017, dentro do procedemento PR483D - Subvencións en réxime de concorrencia competitiva a concellos asociados.

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto destas bases é regular a contratación laboral temporal por este concello dos seguintes traballadores/as:

- 3 traballadores/as como peóns forestais de medio ambiente
- O contrato que se subscribirá é o que regula o artigo 15.1.a) do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

2. O sistema de selección é o concurso de méritos.

3. Os servizos se desenvolverán no Concello de Vilar de Santos.

Segunda.- Bases específicas.

1. Número de prazas: 3

2. Denominación: peón forestal de medio ambiente.

3. Duración estimada: desde o 1 de setembro ao 14 de novembro de 2017.

4. Contrato laboral para formalizar: obra ou servizo determinado.

5. Xornada laboral: xornada completa.

6. Tarefas que se van realizar:

Apoio ao labor técnico, é dicir, apoio ás funcións de información e formación coa poboación e seguimento da posta en marcha do funcionamento dos composteiros; así mesmo realizarán control do funcionamento dos composteiros, así como o manexo da esteladoira e a limpeza e roce de zonas degradadas.

Terceira.- Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes que tomen parte no concurso deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes/instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español ou cidadán dalgún Estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 Real decreto lexislativo 5/2015 polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións e posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Cuarta.- Proceso de selección.

A selección dos candidatos/as máis idóneos/as para prover as prazas convocadas farase en función do seguinte baremo de méritos e puntuación:

1.- Experiencia profesional: (máximo 5 puntos)

- Por cada mes completo de servizos prestados en postos de análoga natureza nos concellos de Allariz ou Vilar de Santos: 0,30 puntos por mes traballado.

- Por cada mes completo de servizos prestados en postos de análoga natureza noutras administracións públicas: 0,20 puntos por mes traballado.

- Por cada mes completo de servizos prestados en postos de análoga natureza en empresas privadas: 0,10 puntos por mes traballado.

Rexeitaranse as fraccións de tempo inferior ao mes.

Os contratos de xornada inferior á xornada completa valoraranse de xeito proporcional en base a vida laboral.

Acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada, e copia compulsada dos contratos de traballo ou certificados de empresa en modelo oficial no que conste a categoría profesional. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2.- Coñecemento do territorio: (2 puntos)

Acreditarase mediante o correspondente certificado de empadramento no Concello de Vilar de Santos cunha antigüidade mínima de 1 ano.

3.- Formación: (máximo 2 puntos):

Por asistencia a cursos organizados por administracións públicas ou homologados por estas, directamente relacionados coas funcións do posto,

- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos por curso.

- Cursos de 21 a 50 horas: 0,20 puntos por curso.

- Cursos de 51 a 100 horas: 0,30 puntos por curso.

- Cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos por curso.

Acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuaranse con 0,10 puntos por curso.

4.- Coñecemento da lingua galega: (máximo 1 punto):

Valorarase o coñecemento da lingua galega acreditado polos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia (só se valorará o grao superior alegado).

- Celga 1: 0,25 puntos

- Celga 2: 0,50 puntos

- Certificado do curso de iniciación ao galego ou Celga 3: 0,75 puntos

- Certificado do curso de perfeccionamento do galego ou Celga 4: 1,00 punto.

Acreditarase mediante a presentación de copia compulsada do correspondente certificado do título ou Celga.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida pola orde de preferencia no baremo de méritos (1º experiencia profesional, 2º coñecemento do territorio, 3º formación, 4º coñecemento de galego,) e de persistir no empate farase discriminación positiva a favor da contratación de mulleres e se aínda así persistira o empate farase unha entrevista cos aspirantes empatados a puntos que consistirá en responder ás preguntas sobre a traxectoria, coñecementos e experiencias profesionais. Nesta valorarase a idoneidade do candidato para as funcións do posto que se vai desempeñar, e que se valorará cun máximo de 1 punto.

Quinta.- Documentación que se terá que achegar:

Os candidatos aspirantes deberán achegar a seguinte documentación que deberá ser orixinal ou copia compulsada:



- a) Anexo I (Instancia)
- b) Anexo II (Declaración jurada)
- c) Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.

d) Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos. Os méritos non xustificados documentalmente non serán obxecto de valoración.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Sexta.- Tramitación

Logo de aprobadas estas bases, o Concello remitiráas ao BOP, fixándose un prazo de 5 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP para a presentación da documentación, detallada na base quinta, no rexistro do Concello de Allariz ou de Vilar de Santos e proceder á selección dos candidatos que mellor se adecúen as condicións dos postos.

Unha vez constituída a Comisión de Selección para proceder á selección dos candidatos na Casa do Concello de Allariz, esta procederá á valoración de méritos entre aqueles candidatos/as que presentaron instancia e que cumpran cos requisitos mínimos establecidos na base 3ª. No caso de empate a puntos entre os aspirantes coa maior puntuación se sinalará data e hora para realizar unha entrevista con eles para dirimir o concurso.

Unha vez rematada a valoración, a comisión aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo o alcalde para a súa contratación ás persoas que encabezan a relación do proceso selectivo.

No caso de que a persoas seleccionadas non reunisen os requisitos necesarios para a contratación, poderán ser substituídas polas seguintes da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir a praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso. No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

Sétima.- Comisión de Avaliación e Selección:

1. A Comisión de Selección estará constituída por:

- Presidente: Mario Luis Rodríguez Fernández, secretario interventor do Concello de Vilar de Santos ou funcionario que o substitúa.

- Vogais: Isabel Mosquera Rey, técnica laboral do Concello de Allariz

- e Pilar Rivera Varela, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Vilar de Santos, ou técnicos/as en quen se delegue.

- Secretaria: exercerá de secretaria Isabel Mosquera Rey, técnica laboral do Concello de Allariz, ou técnico/a en quen se delegue.

2. Unha vez valorados os méritos alegados polos aspirantes, a comisión formará unha lista coa orde de clasificación de todos os aspirantes, segundo a puntuación final obtida, e farase pública no taboleiro de anuncios do concello.

3. De acordo coa lista de puntuación definitiva, elevarase ao alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de nomeamento dos aspirantes que tivesen a maior puntuación, non podendo superar esta o número de prazas convocadas.

4. Para efectuar esta proposta, a Comisión Avaliadora poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

5. Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o seleccionado cese no seu posto antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o cumprimento deste.

6. A comisión está facultada para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das bases e das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficacia.

Oitava.- Nomeamento e formalización do contrato e o seu réxime:

1. Logo de presentada a documentación polos interesados, e sendo esta conforme, o alcalde procederá ao nomeamento dos aspirantes seleccionados, e procederá á formalización dos contratos laborais correspondentes.

2. Establécese un período de proba, conforme ao art. 14 do Estatuto dos traballadores e logo de transcorrer este período, se a persoa de que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato subscrito.

3. Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase. quen sen causa xustificada non concorre a formalizar o contrato na data sinalada, perderá todos os dereitos derivados da superación das probas selectivas.

Novena.- Normas finais

1. Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril; Lei 5/1997, do 22 de xullo; Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro e demais normas que sexan de aplicación.

2. Agás a convocatoria, que se realizará no BOP, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da realización deste proceso selectivo faranse públicos exclusivamente a través do taboleiro de anuncios do concello.

3. Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión de Avaliación, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.

4. Contra estas bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición perante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo do que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

Allariz, 9 de agosto de 2017. O alcalde de Allariz.

Asdo.: Francisco García Suárez.

OFERTA ALHARIZ PIONS FORESTAIS

Anexo I Modelo de instancia

Don/Dona....., con DNI,
endereço en.....,
e teléfono n.º, expoño:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Allariz, no BOP, para cubrir, con carácter temporal, mediante concurso, 3 postos de peón forestal de medio ambiente para a posta en marcha do Programa de valorización de residuos orgánicos II
2. Que reúno os requisitos previstos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.
3. Que achego, xunto con esta instancia a seguinte documentación:
 - ☐ Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros
 - ☐ Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

Por todo o exposto, solicito que se teña por presentada esta instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

Allariz,de.....de 2017
(Asinado polo/a interesado/a)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ (OURENSE)



Anexo II Modelo de declaración jurada

Don/Dña....., con DNI,
e enderezo en.....,
declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de persoal para 3 postos de peón de medio ambiente para a posta en marcha do Programa de valorización de residuos orgánicos II asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Allariz,.....de.....de 2017.

(Asinado polo/a interesado/a)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ (OURENSE)



Bases que regirán el concurso público para la selección de 3 peones forestales de medio ambiente para la puesta en marcha del Programa de valorización de residuos orgánicos II

Al amparo de la orden por la que se regulan los criterios de reparto y se establecen las bases reguladoras y la convocatoria de subvenciones del Fondo de Compensación Ambiental del año 2017, dentro del procedimiento PR483D - Subvenciones en régimen de concurrencia competitiva a ayuntamientos asociados.

Primera.- Objeto de la convocatoria.

1. El objeto de las presentes bases es regular la contratación laboral temporal por este ayuntamiento de los siguientes trabajadores/las:

- 3 trabajadores/ras como peones forestales de medio ambiente
- El contrato que se suscribirá es el que regula el artículo 15.1.ª) del Estatuto de los Trabajadores, aprobado por RD-legislativo 2/2015, de 23 de octubre.

2. El sistema de selección es el concurso de méritos.

3. Los servicios se desarrollarán en el Ayuntamiento de Vilar de Santos.

Segunda.- Bases específicas.

1. Número de plazas: 3
2. Denominación: peón forestal de medio ambiente.
3. Duración estimada: desde el 1 de septiembre al 14 de noviembre de 2017.
4. Contrato laboral para formalizar: obra o servicio determinado.

5. Jornada laboral: jornada completa.

6. Tareas que se van a realizar:

Apoyo a la labor técnica, es decir, apoyo a las funciones de información y formación con la población y seguimiento de la puesta en marcha del funcionamiento de los composteros; asimismo realizarán control del funcionamiento de los composteros, así como el manejo de la astilladora y la limpieza y desbroce de zonas degradadas.

Tercera.- Condiciones y requisitos de los aspirantes.

Los aspirantes que vayan a tomar parte en el concurso deberán reunir, en la fecha en que remate el plazo concedido para la presentación de solicitudes/instancias, los siguientes requisitos:

f) Ser español o ciudadano de algún Estado miembro de la Unión Europea en los términos establecidos en el artículo 57 RD-Legislativo 5/2015 por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, así como extranjeros con residencia legal en España.

g) Tener cumplidos los 16 años de edad y no exceder de la edad máxima de jubilación forzosa.

h) No padecer enfermedad o defecto físico o psíquico que impida el desempeño de las correspondientes funciones y poseer capacidad funcional para el desempeño de las tareas.

i) No haber sido separado mediante expediente disciplinario del servicio del Estado, comunidades autónomas o entidades locales, ni encontrarse inhabilitado para el ejercicio de funciones públicas.

j) No estar incurso en causa vigente de incapacidad o incompatibilidad de acuerdo con lo establecido en la Ley 53/1984 del 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas.

Cuarta.- Proceso de selección.

La selección de los candidatos/as más idóneos/as para proveer las plazas convocadas se hará en función del siguiente baremo de méritos y puntuación:

- 1.- Experiencia profesional: (máximo 5 puntos)

- Por cada mes completo de servicios prestados en puestos de análoga naturaleza en los ayuntamientos de Allariz o Vilar de Santos: 0,30 puntos por mes trabajado.

- Por cada mes completo de servicios prestados en puestos de análoga naturaleza en otras administraciones públicas 0,20 puntos por mes trabajado.

- Por cada mes completo de servicios prestados en puestos de análoga naturaleza en empresas privadas: 0,10 puntos por mes trabajado.

Se rechazarán las fracciones de tiempo inferior al mes.

Los contratos de jornada inferior a la jornada completa se valorarán de manera proporcional en base a la vida laboral.

Se acreditará mediante la presentación de certificado de vida laboral actualizada, y copia compulsada de los contratos de trabajo o certificados de empresa en modelo oficial en el que conste la categoría profesional. La experiencia que no se considere debidamente acreditada no se puntuará.

2.- Conocimiento del territorio: (2 puntos)

Se acreditará mediante el correspondiente certificado de empadronamiento en el Ayuntamiento de Vilar de Santos con una antigüedad mínima de 1 año.

3.- Formación: (máximo 2 puntos):

Por asistencia a cursos organizados por administraciones públicas o homologados por estas, directamente relacionados con las funciones del puesto,

- Cursos de hasta 20 horas: 0,10 puntos por curso.

- Cursos de 21 a 50 horas: 0,20 puntos por curso.

- Cursos de 51 a 100 horas: 0,30 puntos por curso.

- Cursos de más de 100 horas de duración: 0,50 puntos por curso.

Se acreditará mediante la presentación de copia compulsada de los certificados acreditativos de tener realizada la acción formativa, en la que conste el número de horas de formación realizada. En el supuesto de que no conste el número de horas de la acción formativa, se entenderá que tienen una duración inferior a 20 horas, y se puntuarán con 0,10 puntos por curso.

4.- Conocimiento de la lengua gallega: (máximo 1 punto):

Se valorará el conocimiento de la lengua gallega acreditado por los cursos y titulaciones homologadas por la Xunta de Galicia (solo se valorará el grado superior alegado).

- Celga 1: 0,25 puntos

- Celga 2: 0,50 puntos

- Certificado del curso de iniciación al gallego o Celga 3: 0,75 puntos

- Certificado del curso de perfeccionamiento del gallego o Celga 4: 1,00 punto.

Se acreditará mediante la presentación de copia compulsada del correspondiente certificado del título o Celga.

En el supuesto de empate a puntos entre varios aspirantes se atenderá a la mayor puntuación obtenida por el orden de preferencia en el baremo de méritos (1º experiencia profesional, 2º conocimiento del territorio, 3º formación, 4º conocimiento de gallego,) y de persistir el empate se hará discriminación positiva a favor de la contratación de mujeres y si aún así persistiese el empate se hará una entrevista con los aspirantes empatados a puntos que consistirá en responder a las preguntas sobre la trayectoria, conocimientos y experiencias profesionales. En esta se valorará la idoneidad del candidato para las funciones del puesto que vaya a desempeñar, y que se había valorado con un máximo de 1 punto.

Quinta.- Documentación para aportar:

Los candidatos aspirantes deberán presentar la siguiente documentación que deberá ser original o copia compulsada:

- e) Anexo I (Instancia)



f) Anexo II (Declaración jurada)

g) Copia compulsada del DNI o documento que proceda en el caso de los extranjeros.

h) Acreditación documental justificativa de los méritos exigidos. Los méritos no justificados documentalmente no serán objeto de valoración.

Con la presentación de la instancia para tomar parte en el proceso selectivo se entenderá que los interesados aceptan y acatan todas y cada una de las bases de esta convocatoria.

SEXTA.- Tramitación

Una vez aprobadas las presentes bases, el Ayuntamiento las remitirá al BOP, fijándose un plazo de 5 días hábiles, contados desde el siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP para la presentación de la documentación, detallada en la base quinta, en el registro del Ayuntamiento de Allariz o de Vilar de Santos y proceder a la selección de los candidatos que mejor se adecúen las condiciones de los puestos.

Una vez constituida la Comisión de Selección para proceder a la selección de los candidatos en la Casa Consistorial del Ayuntamiento de Allariz, esta procederá a la valoración de méritos entre aquellos candidatos/as que hubiesen presentado instancia y que cumplan con los requisitos mínimos establecidos en la base 3ª. En el caso de empate a puntos, entre los aspirantes con la mayor puntuación se señalará fecha y hora para realizar una entrevista con ellos para dirimir el concurso.

Una vez terminada la valoración, la comisión aprobará la relación de aspirantes en orden de mayor a menor puntuación total, proponiendo el alcalde para su contratación a las personas que encabezan la relación del proceso selectivo.

En caso de que la personas seleccionadas no reunieran los requisitos necesarios para la contratación, podrán ser sustituidas por las siguientes de la relación del proceso selectivo, situación que sucederá igual en el caso de ser necesario cubrir la plaza por razones de baja, enfermedad, etc., utilizando para eso la modalidad de contratación laboral apropiada para cada caso. En el caso de quedar desierto el proceso selectivo por no superar ningún aspirante la prueba o por no presentarse ninguno a esta, el alcalde queda autorizado a convocarlo nuevamente cuantas veces fuese necesario, de conformidad con estas bases.

Séptima.- Comisión de Evaluación y Selección:

7. La Comisión de Selección estará constituida por:

- Presidente: Mario Luis Rodríguez Fernández, secretario - interventor del Ayuntamiento de Vilar de Santos o funcionario que lo sustituya.

- Vocales: Isabel Mosquera Rey, técnica laboral del Ayuntamiento de Allariz

- Pilar Rivera Varela, agente de empleo y desarrollo local del Ayuntamiento de Vilar de Santos, o técnicos/as en quien se delegue.

- Secretaria: ejercerá de secretaria Isabel Mosquera Rey, técnica laboral del Ayuntamiento de Allariz, o técnico/a en quien se delegue.

8. Una vez valorados los méritos alegados por los aspirantes, la comisión formará una lista con el orden de clasificación de todos los aspirantes según la puntuación final obtenida, y se hará pública en el tablón de anuncios del ayuntamiento.

9. De acuerdo con la lista de puntuación definitiva, se elevará al alcalde, además del acta de la sesión, la propuesta de nombramiento de los aspirantes que hubiesen tenido la mayor puntuación, no pudiendo rebasar ésta el número de plazas convocadas.

10. Para efectuar esta propuesta, la Comisión Evaluadora podrá pedir los informes y asesoramientos técnicos que tenga por convenientes.

11. Los restantes candidatos, por orden de puntuación obtenida, podrán ser contratados en caso de que el seleccionado cese en su puesto antes del final del contrato y por el tiempo que reste para el cumplimiento del incluso.

12. La Comisión está facultada para interpretar y resolver las cuestiones que puedan suscitarse en la aplicación de las bases y de las normas de procedimiento, inspirándose su actuación en el principio de economía, celeridad y eficacia.

Octava.- Nombramiento y formalización del contrato y su régimen:

4. Una vez presentada la documentación por los interesados, y siendo esta conforme, el alcalde procederá al nombramiento de los aspirantes seleccionados, y procederá a la formalización de los contratos laborales correspondientes.

5. Se establece un período de prueba, conforme al art. 14 del Estatuto de los Trabajadores, transcurrido este período, si la persona de que se trate lo superara satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia el contrato suscrito.

6. Mientras no se formalice el contrato y no se incorpore al puesto de trabajo, el aspirante no tendrá derecho a la percepción económica de ninguna clase. Quien sin causa justificada no concurriera a formalizar el contrato en la fecha señalada, perderá todos los derechos derivados de la superación de las pruebas selectivas.

Novena.- Normas finales

5. Para lo no previsto en estas bases será de aplicación la Ley 7/1985, del 2 de abril; Ley 5/1997, del 22 de julio; RD-legislativo 2/2015, del 23 de octubre y demás normas que sean de aplicación.

6. Excepto la convocatoria, que se realizará en el BOP, los sucesivos actos y comunicaciones que se deriven de la celebración de este proceso selectivo se harán públicos exclusivamente a través del tablón de anuncios del ayuntamiento.

7. Todos los actos administrativos derivados de esta convocatoria, así como de la actuación de la Comisión de Evaluación, podrán ser impugnados por los interesados en los casos y en la forma establecidos por la Ley 39/2015, del 1 de octubre, y normas vigentes concordantes. La presentación de reclamaciones no suspenderá la continuación del proceso selectivo, salvo que así lo decida el órgano convocante.

8. Contra las presentes bases y la resolución que las aprueba, que ponen fin a la vía administrativa, se podrá interponer recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado Contencioso-Administrativo de Ourense, en el plazo de dos meses (contado desde el día siguiente al de la publicación de la convocatoria). Con carácter potestativo y previo, podrá interponer recurso de reposición delante el mismo órgano que adoptó el acuerdo de aprobación, en el plazo de un mes (contado desde al día siguiente al de la publicación de la convocatoria). En este caso no se podrá interponer el recurso contencioso-administrativo hasta que se resuelva expresamente o se produzca la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto. En este último supuesto, el plazo para la interposición del recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde el día siguiente a aquel en el que se produzca la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto. Todo eso sin perjuicio de que pueda ejercitar cualquier otro que considere procedente.

Allariz, 9 de agosto de 2017. El Alcalde de Allariz.

Fdo.: Francisco García Suárez.

OFERTA ALHARIZ PIONS FORESTAIS

Anexo I

Modelo de instancia

Don/Doña....., con DNI,
domicilio en.....,
y teléfono n.º, expongo:

1. Que tuve conocimiento de la convocatoria hecha por el Ayuntamiento de Allariz, en el BOP, para cubrir, con carácter temporal, mediante concurso, 3 puestos de peón forestal de medio ambiente para la puesta en marcha del Programa de valorización de residuos orgánicos II
2. Que reúno los requisitos previstos en las bases de la convocatoria, que declaro conocer.
3. Que presento con la presente instancia la siguiente documentación:
 - Copia compulsada del DNI o documento que proceda en el caso de los extranjeros
 - Acreditación documental justificativa de los méritos alegados.

Por todo lo expuesto, solicito que se tenga por presentada la presente instancia junto con los documentos que la acompañan y sea admitido en el proceso selectivo convocado.

Allariz,de.....de 2017
(Firmado por el/la interesado/a)

SR. ALCALDE DEL AYUNTAMIENTO DE ALLARIZ (OURENSE)

Anexo II
Modelo de declaración jurada

Don/Doña....., con DNI,
y domicilio en.....,
declaro que reúno los requisitos necesarios para contratar con las administraciones públicas, que no estoy
incurso en ninguna causa de incapacidad o incompatibilidad de las previstas en la legislación vigente, que no
fui separado mediante expediente disciplinario del servicio de cualquiera de las administraciones públicas o
de los órganos constitucionales o estatutarios de las comunidades autónomas, y que no me encuentro en
inhabilitación absoluta o especial para empleos o cargos públicos por resolución judicial, para el acceso al
cuerpo o escala de funcionario, o para ejercer funciones similares a las que desempeñaban en el caso del
personal laboral, en el que había sido separado o inhabilitado.

Y para que conste y produzca los efectos oportunos en el expediente de selección de personal para 3 puestos
de peón de medio ambiente para la puesta en marcha del Programa de valorización de residuos orgánicos II
firmo la presente declaración, bajo mi responsabilidad, en Allariz,.....de.....de 2017.

(Firmado por el/la interesado/a)

SR. ALCALDE DEL AYUNTAMIENTO DE ALLARIZ (OURENSE)